

Revista de Guimarães

Publicação da Sociedade Martins Sarmento

NOTÍCIAS SOBRE DA CIDÁ DO CASTRO.

LOPEZ CUEVILLAS, Florentino; TABOADA, Jesus

Ano: 1953 | Número: 63

Como citar este documento:

LOPEZ CUEVILLAS, Florentino; TABOADA, Jesus, Notícias sobre da Cidá do Castro.
Revista de Guimarães, 63 (1-2) Jan.-Jun. 1953, p. 151-157.

Casa de Sarmento
Centro de Estudos do Património
Universidade do Minho

Largo Martins Sarmento, 51
4800-432 Guimarães
E-mail: geral@csarmento.uminho.pt
URL: www.csarmento.uminho.pt



Este trabalho está licenciado com uma Licença Creative Commons
Atribuição-NãoComercial-SemDerivações 4.0 Internacional.

<https://creativecommons.org/licenses/by-nc-nd/4.0/>

Noticias sobre da Cidá do Castro.

Por FLORENTINO LOPEZ CUEVILLAS
E JESUS TABOADA

Poucos castros haberá que conservem tan ben as suas murallas, e en xeral todo o seu sistema defensivo, como o que chaman Cidá do Castro que se ergue a pouco mais de 2 kilometros da fronteira con Portugal, nos termos da freguesia de San Millán, pertencente a alcaldia de Cualedro e raiana polo sul co concello trasmontano de Montalegre.

Emprazase a Cidá como moitos lugares fortes das nosas terras do noroeste peninsular, nun morro, non moi alto, que se adianta dende o macizo de que forma parte, en direcion de oriente a occidente, e a cuio pé decorre pol-as bandas do sul e mais do oeste un riacho chamado rio do Castro ou do Santo, afluente do Bubal, e saído da serra do Larouco que dende a súa altura de 1525 metros dirixe o releve do pais.

Ista terra do Bubal foi outrora, de seguro, lugar de asento da tribu dos Bibalos, citada por Plinio ⁽¹⁾ despois dos Bracaros, e por Ptolomeu ⁽²⁾ entre os Celerinos e os Limicos, tribu cuia capital era o Forum Bibalorum, e que aparez como unha das dez civitates adicantes na pedra honorífica da ponte de Chaves ⁽³⁾.

Son moitos os autores, que seguindo os datos que fornecen as coordenadas ptolomaicas levan aos

(1) III, L.

(2) II, 6.

(3) C. I. L., II, 2. L 77.

Bibalos ao val do Bibeí, río afluente do Sil que vai por terras, como as do Bolo e de Trives; mais nos consideramos trabucada tal localización e coidamos mais certa a indicada do val do Bubal, tendo en conta en primeiro lugar que o nome de tal río e pronunciado craramente Bibalo pol-as xentes que agora viven nas suas ribeiras; lembrando logo que o val do Bibeí está incruído oxe e debeu estalo sempre na diocesis de Astorga, cuíos límites, coinciden en Galicia cos do convento xurídico asturicense que comprendia por iste lado as civitates dos Tiburos e dos Gigurros, namentras que os Bibalos son mencionados costantemente como formando parte do convento bracarense, e fixandonos por cabo en que as tribus adicantes do epígrafe honorífico da ponte de Chaves, que denantes citamos, sem-ella que debían seren todas vecinas ou achegadas ao lugar onde se fixo a adicación, como ocorre cas entidades, tribaes dos Aquiflavienses, dos Limicos, dos Querquernos e dos Tamaganos, cuias respeitivas situacións na propia comarca de Chaves, nas terras da lagoa Antela, no val do Limía y no de Monterrei, son conecidas con enteira esaititude.

A Cidá do Castro emprazabase no camino natural de comunicación entre as terras que se abren nos derradeiros debalos do Larouco, terras criadoras de gado en total-as épocas e moi abondosa en castros e o val de Monterrei ben poboado tamen e que nos días da dominanza romana viuse aixina cruzado por unha vereia secundaria, da que se conservan varios miliarios, que partindo de Chaves ia cara o norte pra facer na Limía a xuntanza das vías números 19 e 18 do Itinerario de Antonino, vías que partindo as duas de Braga endereitabanse, seguindo difrentes caminos a cidade de Astorga.

Non acada a estación castrexa que nos ocupa unha superficie que debamos considerar extraordinaria, como as que ostentan as cítanias de Santa Trega, Mousinho e Bagunte e ainda a mesma de Sanfins de Paços de Ferreira, que resultan case que xigantescas postas e comparanza cas maníftudes correntes nos nosos castros, mais pode clasificarse entre as de tamaño considerabele pol-o estilo das cívidades de

Briteiros, Morgade e San Cibrán das Lás, sendo as mensuras dos seus diámetros 177'45 metros do norte ao sul 227'30 do leste ao oeste, achándose a fortaleza das suas defensas en relación co número de habitantes e ca evidente importancia do poboado.

Anque como dixemos o río do Santo arrodea o morro onde se asentaba o castro pol-o sul e pol-o oeste servíndolle a xeito de foso, e anque as pendentes que compre rubir pra chegar son pinas por todol-os lados de quitado pol-o leste,alcontrase cinguido en todo o seu perímetro por unha muralla de 3'70 metros de alto nalgúns lugares e de 3'25 de ancho, construída con pedras grandes, que case poden calificarse de ciclopeas en moitos lados, ben labradas e constituindo un paramento moi regular, apresentando a rara particularidade de ter descuberta a súa cara exterior, ceibe de terra que a acochel e aínda con escasos derrumbamentos. Ten ista muralla dúas solucións de continuidade, unha pol-o sul de 2'80 metros e outra pol-o norleste de 2'90. Non sabemos se istas solucións de continuidade corresponderanse ou non con portas antigas, mais conven facer notar que a segunda vai bater nun camino enlousado, que logo de cruzar o río do Santo por unha ponte de pedra, rube en costa lene pol-o lado do nacente deica torcer a súa dirección pra abocar na abertura de que denantes falamos, onde morre o camino.

Dentro deste recinto exterior, cinguido pol-a muralla de pedras grandes, existe un segundo recinto arrodeado por outro valo de dimensións semellantes ás do anterior, mais de aparello poligonal de cachotes pequenos. Mide iste recinto interior 120 metros no diámetro norte a sul e 85'50 no do leste ao oeste, non cumpríndose neste caso a regra moi xeneralizada na arquitectura militar castrexa (*) de que os muros dos castros de mais dun recinto achegúense uns aos outros pol-a banda mais accesíbele, que no noso caso e a do leste, onde precisamente os dous

(*) Mário Cardoso. *A organização defensiva dos castros do norte de Portugal e a sua romanização.*

referidos defensas atopanse mais aleixadas, chegando a arredarensen alí 86'20 metros, namentras que pol-o oeste non pasa o arredamento de 55'60, baixando pol-o sul a 43 e pol-o norte a 14'45. A muralla do recinto interior apresanta como a do primeiro, dúas solucións de continuidade mais desta vez abrese unha no leste e a segunda no noroeste, medindo as aberturas arredor de tres metros cada unha.

Ora que as defensas mais intresantes e curiosas da Cidá do Castro están costituídas por un muro duns 12 metros de longo que pol-a parte do norte vai da muralla dun recinto a do outro deixando soio un estreito paso, e por un campo de pedras fincadas, que sealcontra xa moi destruído, mais que ocupa aínda unha área de 300 m², situado pol-o nacente, dende o pé mesmo da muralla exterior deica o camino enlousado que pasa pol-a ponte de pedra de que xa falamos.

Con respecto ao valado que cruza dunha muralla a outra soio podemos dicir que pol-a su disposición semellase aos que sealcontraron nas catalogacións do castro de Bendoiro, na freguesia do mesmo nome e alcaldía de Lalin, e no castro de Cantelle, na freguesia de Vilela e alcaldía de Rodeiro. O primeiro corta en dúas partes case que iguaes o recinto principal do poboado forte, e o segundo axunta como na Cidá, as murallas de dous recintos e logo desvíase da sua primitiva dirección pra ir morrer case por frente dunha porta. Non é posíbele matinar con proveito pra resolvermos o problema da utilización distes valados internos, que o mesmo poderían ter sido erguidos con fins tan soio militares, que pra arredar dúas xentilidades que habitaran xuntas o mesmo poboado, que pra dispor un lugar pra garda do gado. Mais pol-o que toca a Cidá do Castro a proximidade do muro a unha solución de continuidade na principal defensa de aquela banda, fainos pensar na posibilidade de que se trate dun dos muros que se dispunan nas entradas dos recintos fortes pra formar pasos estreitos e batidos con tiros cruzados de perto e dende o alto.

Coidamos que quen primeiro sinalou a curiosidade dos arqueólogos a existencia de campos defen-

sivos de pedras fincadas nos vellos poboados peninsulares foi Gomez Moreno (5) que tivo ocasion de observalos nas provincias de Zamora, Salamanca e Avila describindos no parrafo seguinte: «Para defensas exteriores, a más de fosos y trincheras, suele haber una bien notable, que consiste en erizar de cantos picudos e hincados en el suelo una ancha zona del muro, imposibilitando asi el ir contra él de golpe, sobre todo a caballo.» Máis tarde Cabré (6) ao ocuparse do castro das Cogotas, do que xa o mesmo Gomez Moreno dira novas amiudadas, publicou un comentario e magnificas fotografías de diferentes aspectos da área de pedras espetadas, facendo notar que ista chegaba deica o pé mesmo da muralla, non deixando diante dela ningún espacio valeiro como acontece en castros da provincia de Soria estudados por Taracena Aguirre (7).

Iste recurso defensivo de postes de pedra ou de estacas espetadas no chan e moi antigo, mais seguiuise usando na Idade Meia, sendo o seu uso pol-os turcos causa principal da desfeita dos cabaleiros cristiaos de combateron na batalla de Filipopolis, e empregandose ainda nos tempos atuais como di Mario Cardoso (8) nos que as estacas ou os postes, vironse substituídos na derradeira guerra mundial pol-os pilares de cemento que se dispunan en grandes espacios pra estorbar o avance dos tanques.

Os campos de pedras fincadas protexian case que sempre, como pasa na Cidá, todo o lenzo de muralla careada pra banda mais acesibebe, mais noutros casos limitaronse a dificultar a chegada ao punto en que se abria unha porta, como semella que ocorria no castro de Carvalhelhos estudado recentemente pol-o professor Santos Junior (9).

(5) *Sobre arqueología primitiva de la region del Duero.*

(6) *Excavaciones en las Cogotas, Cardenosa, Avila El Castro.*

(7) «Excavaciones en las provincias de Soria y Logroño» J. S. E. A., Memoria n.º 103.

(8) *Op. cit.* na nota L.

(9) Debemos as novas relativas ao castro de Carvalhelhos a iste ilustre investigador.

Mais o tipo de defensa de que nos estamos ocupando ten aparte do sua natural importancia na arte militar castrexa, un intrés etnolóxico particular relacioado ca estensión cara o oeste de elementos da chamada cultura dos berroes, elementos que forman en parte de Tras-os-Montes unha zona gris que limita pol-o leste ca nosa cultura castrexa e que logo filtranse mais ou menos en comarcas colocadas en situación mais occidental.

E sabido que nas estacións castrexas trasmontanas, contrariamente ao que ocorre no resto do norte de Portugal e en Galicia, abundan mais a casas angulares que as arredondadas, e tamen que José Fortes ⁽¹⁰⁾ formou cas fibulas de Tras-os-Montes un grupo particular caracterizado pol-o evidente influxo das formas do primeiro periodo de La Tène, pol-a sua riqueza decorativa e pol-a sua semellanza cos tipos peculiares das culturas celtas da Meseta, semellanza que as separa das fibulas de Sabroso e de Santa Luzia, propias dos nosos castros e moi achegadas aos prototipos hallestattianos. E por cabo sabese asi mesmo que as esculturas zoomorfas que servíron pra dar nome a cultura dos berrões existen con prodigalidade ao leste do rio Tâmega, e que a sua lista aumentada recentemente por novos e intresantes achádegos ⁽¹¹⁾ pode rivalizar ca da rexión espanola que poída considerarse mais rica nista caste de representacións.

A estensión occidental das esculturas de berrões que se manifestan no noso círco castrexo nunha forma especial aducida soio a cabeza, foi estudada por un de nós ⁽¹²⁾, comprobándose o seu aparecemento en terras do Bolo e de Verin e a sua chegada deica o Santa Trega, Sabroso e parece ser que a outros castros minhotos. En canto ás fibulas trasmontanas soía nos consta a sua aparición, e xa en época ro-

(10) *As fibulas do noroeste.*

(11) Santos Junior, pronuciou hai pouco tempo en Lisboa unha celebrada conferencia sobre distes achádegos.

(12) Jesús Taboada: «La cultura de los venacos en el Noroeste hispánico».

mana, no Outeiro de Baltar, situado na parte alta e meridional da comarca límica.

Pol-o que respeita aos campos de pedras espetadas coneciase a súa presenza en dous castros da rexión de Chaves os de Cidadelha y Carvalhelhos, relaciónados xeograficamente ca nosa Cidá do Castro, primeira estación galega deste xenero que presenta defensas do tipo aludido.

Os traballos de esporacion da Cidá achanse apenas iniciados e non consinten formular ningunha conxunción nin xiquera provisional, mais así e todo faremos observar que no recinto interior atopárouse casas circulares e material unicamente indixena, namentras que na porción escavada do recinto exterior apareceron á fartura obxectos de procedencia ou de inspiración romana, circunstancia que pode facer supor que o recinto interior fora abandonado denantes ou no momento de consumarse o sometimento do noso país ao poder do Imperio, e que en troques a porción esterna seguiu ocupada por mais ou menos familias deica un tempo que non é doado determinar con esaititude.